

**CONCELLERÍA DE CULTURA. CONCELLO DE CULLEREDO
ENCUNTROS CULTURAIS DO OUTONO 2008 .
PROGRAMACIÓN TEATRAL.HOMENAXE A “ROBERTO VIDAL BOLAÑO.”**

O vindeiro luns día 22 de decembro terá lugar o derradeiro dos espectáculos de escena incluídos nos Encuentros culturais do Outono 2008 ás 17:00 horas no Edificio de Servizos Múltiples de O Burgo a cargo da compañía de maxia “MAGO VITUCO & JESSICA “ que poñerá en escena o espectáculo “ILUSIÓN MÁXICA”.espectáculo integrado no “III Circuito Galega da Maxia 2008”.

Con esta función remata o ciclo de teatro infantil para o mes de Nadal que contou coa presenza en Culleredo das mellores compañías de teatro infantil de Galicia nas que se completou o aforo ofertado en todas as funcións, como foron: Os Quinquilláns que escenificou o espectáculo “O Mago de Oz” o día 12 de decembro; Talía Teatro que trouxo a Culleredo o día 18 de decembro “O merlo branco” e Títeres Cachirulo que o día 19 escenificou a obra de monicreques “Do, re, mi Mozart”, así como este espectáculo de maxia a cargo do Mago Vituco & Jessica , “Ilusión Máxica” o día 22 de decembro, un espectáculo baseado nas grandes producións de Las Vegas, o primeiro show destas características creado en Galicia. .

“MAGO VITUCO & JESSICA” traen a Culleredo o espectáculo “Ilusión Máxica” dentro do “III Circuito Galega da Maxia”.

Éo primeiro espectáculo de Grandes Ilusións creado en Galicia baseado nos grandes shows das Vegas. Grandes aparatos de maxia, iluminación espectacular e efectos especiais son a grandes rasgos o que definen o espectáculo. O único espectáculo de Galicia onde a axudante do mago toma protagonismo e convértese na primeira muller que fai maxia nun espectáculo de ilusionismo galego.

Grandes doses de humor e sobre todo a espectacularidade da maxia máis sorprendente.

A entrada é de balde.

Culleredo, 15 de decembro de 2008

O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez